



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico ampliación DEVA II (concellos da Cañiza e Covelo, Pontevedra, e Melón, Ourense), promovido por Eurovento, SLU, clave 2010/0251,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de Inicio do Parque Eólico*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto afectaría directamente ó hábitat "4020 Daboecion cantabricae" de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo "*Documento de Inicio do Parque Eólico*" e coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), e no Anexo I da Directiva Aves, o proxecto podería afectar a 11 especies de aves catalogadas e con presenza probable ou segura na zona (*Circaetus gallicus*, *Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Hieraetus pennatus*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Anthus campestris*, *Lullula arborea* e *Lanius collurio*).
3. Que no "*Documento de Inicio do Parque Eólico*" non se tiveron en conta as posibles afeccións a anfibios, réptiles e mamíferos.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Parque Eólico ampliación DEVA II (concellos da Cañiza e Covelo, Pontevedra, e Melón, Ourense), promovido por Eurovento, SLU, clave 2010/0251 sexa sometido a Estudio de Impacto Ambiental e que se recabe ó promotor que o EIA:

1. Avalíe os efectos sobre ó hábitat de conservación prioritaria "4020 Daboecion cantabricae" e as posibles alternativas para minimalizalos.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios e micromamíferos: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circaetus gallicus*, *Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Hieraetus pennatus*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Anthus campestris*, *Lullula arborea*, *Lanius collurio* e quirópteros: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.

3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.
4. Avalíe os efectos acumulativos e/ou sinérxicos co parque eólico xa existente do mesmo promotor.

En Santiago de Compostela, a 25 de marzo de 2011